

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	LALÍN
<b>Dirección</b>	Lugar de Lebozán, s/n. 36519
<b>Edificio</b>	Igrexa de Santiago de Lebozán

## Campás actuais

<b>Nombre</b>	<b>Santiago</b>
<b>Localización</b>	Campanil de forxa
<b>Medidas (cm)</b>	Diámetro (en cm) 0   Bordo   Altura do bronce   kg
<b>Fundidor</b>	
<b>Ano de fundición</b>	1789
<b>Descrición</b>	<p>A vella campá da igrexa (campá menor), procede de O Convento ..... pero, ¿onde estaba a primitiva igrexa de Lebozán?... e aquí é onde entra en escena a súa campá pequena, colocada fóra de sitio na espadana. A campá pequena foi transportada, pouco despois da desamortización de Mendizábal (1836), procedente de O CONVENTO, para a nova igrexa, a actual, situada cerca do vello camiño Cruz da Grade-Os Carballiños e a carón do regueiro que nace no monte da Ferreiriña. Foi, precisamente, daquela cando se construiu, posiblemente, a igrexa e se colocou dentro do arco da espadana a campá que viña de "O Convento" e na que se pode apreciar claramente, pola inscrición, que foi fundida (bronce) en 1789.</p> <p>Nesta campá, tal vez fundida en Beariz, aparece unha probable cruz de Malta e a seguinte inscrición: "IHS SANTIAGO ORA PRO NOBIS. ANO 1789". Así que hai que destacar algúns aspectos:</p> <p>1- A abreviatura IHS (Jesus Hominem Salvatorem) é a mesma ca que aparece marcada nunha cantería na parede da Casa de Chedas (casa señorial).</p> <p>2- A forma da cruz da campá parece indicar que se trata dunha cruz de Malta, que nos indica que os Cabaleiros da Orde Hospitalaria de San Xoán de Xerusalém, cun priorato en Soutolongo, estiveron á fronte de O Convento. (Antonio Presas).</p> <p>Óllase unha soldadura na parte dereita do pé.</p>
<b>Fotos</b>	7
<b>Toques</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Protección</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	
<b>Data</b>	

<b>Nome</b>	<b>Maior.</b>
<b>Localización</b>	Espadana
<b>Medidas (cm)</b>	Diámetro (en cm) 0   Bordo   Altura do bronce   kg
<b>Fundidor</b>	TABOADA, JESÚS (MONEIXAS)
<b>Ano de fundición</b>	1911
<b>Descrición</b>	<p>3- A nova campá da Igrexa de Lebozán</p> <p>No ano 1911, segundo se pode ler na inscrición que aparece na campá grande, fundiuse unha nova campá (esta vez na fundición dos campaneiros de Moneixas, Lalin) para reemplazar a vella, que foi cambiada de sitio. Como a espadana conta tan só cun oco, para emplazar a campá vella, habilitouse unha estrutura lateral con armazón de ferro e a nova campá, de maior tamaño, instalouse no mesmo sitio da anterior.</p> <p>¿Porque se instalou un nova campá de maior tamaño?... pois a resposta a esta pregunta parece simple: porque se necesitaba que tivera un maior alcance, que a puideran escoitar os veciños de todas as aldeas (PRESAS, Antonio).</p>
<b>Fotos</b>	2
<b>Toques</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Protección</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	
<b>Data</b>	

Información completa: [Igrexa de Santiago de Lebozán - \(GALICIA\)](#)

PDF (15-05-2026)